

# Apuntes das XXIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XERENCIA INTEGRADA DE FERROL.

Ferrol, novembro de 2013

Cad Aten Primaria  
Ano 2013  
Volume 20  
Páx. 70

## URXENCIAS, DOR, PACIENTES POLIMEDICADOS, PATOLOXÍA CARDIOVASCULAR OU SAÚDE MENTAL, ALGÚNS DOS PROTAGONISTAS DE HOXE NAS XVIII XORNADAS GALEGAS DE MEDICINA FAMILAR E COMUNITARIA

- Nas Aulas de Simulación do Hospital Naval, produciuse unha atención específica ó Soporte Vital Avanzado, no que se practicou o manexo dun paciente crítico e o control dunha situación de parada cardiorrespiratoria
- A dor é o primeiro motivo de consulta de atención primaria -indica un dos participantes- e é por iso que está incluído nestas xornadas
- Traballouse co seguimento de pacientes que consumen moitos medicamentos, practicando a detección de problemas e a resolución dos mesmos
- Abordáronse os xenogramas, a árbore xeneolóxica que, neste caso, facilita ó profesional información sobre antecedentes de enfermidade ou aspectos de stres para a familia, entre outras moitas cousas
- A facultativa Romina Vázquez destaca a necesidade de "actualización constante do médico de familia que se pode enfrontar a unha urxencia pediátrica en calquera momento tanto nun Punto de Atención Continuada, como dende a súa consulta

FERROL (XIF), venres 22 e 23 de novembro de 2013.- Como afrontar unha parada cardiorrespiratoria; a dor como a principal causa de consulta no centro de saúde, e a dor lumbar como a máis habitual desas dores; a importancia de seguir a aqueles pacientes que consumen múltiples medicamentos, e detectar e resolver os posibles problemas; o manexo do paciente que acode á consulta con algún problema cardiovascular; a identificación de trastornos de ansiedade e a coordinación do hospital co centro de saúde; a patoloxía do pé; ou o emprego de inhaladores, foron algunhas das cuestións nas que se traballaron a través de obradoiros teóricos e prácticos durante as XVIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria. Estas xornadas reúnen en Ferrol a máis de 170 profesionais do ámbito do centro de saúde de Galicia, hoxe venres 22 de novembro, e mañá sábado 23 de novembro, no Hospital Naval do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.

### URXENCIAS, ENFRONTARSE A UNHA PARADA CARDIORRESPIRATORIA

Nestes encontros, desenvólvense catro talleres sobre Urxencias, que coordina Fernando Souto Mata, facultativo do O61 de Galicia, membro da Agamfec, e que desenvolve o seu traballo na Xerencia Integrada ferrolá. "Agamfec está dando énfase, nos últimos anos, ás cuestións de urxencias e emerxencias, xa que son aspectos que os médicos están

a demandar, e son de vital importancia, xa que calquera profesional está exposto a ter que se enfrontar a unha situación de urxencia e emerxencia".

Os obradoiros distribúen ós asistentes a estas xornadas nunha atención específica ó Soporte Vital Avanzado, nas aulas de simulación do Hospital Naval, nas que se practica o manexo dun paciente crítico, e o control dunha situación na que se produce unha parada cardiorrespiratoria. Neste senso, Fernando Souto destaca "o pulo que se lle está a dar a esta cuestión en Ferrol dende a posta en marcha das aulas de simulación. O repunte desta formación sitúa a esta área nunha das de maior oferta e actividade de Galicia". Participan, xunto con Fernando Souto, os profesionais da Xerencia ferrolá, Cristina Sixto Carreira, Yesica López Curbeira, e Francisco Rascado Sedes.

A abordaxe da Urxencia continuará nos obradoiros do sábado co recordatorio e desenvolvemento de habilidades do manexo da vía aérea para facilitar unha boa respiración ó paciente afectado.

### A DOR, PRINCIPAL MOTIVO DE CONSULTA NO CENTRO DE SAÚDE

Por outra banda, a dor é tamén un dos protagonistas destas XVIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria, que aborda Gabriel Calvo Mosquera, facultativo do centro de saúde de Serantes, e coordinador do obradoiro A Dor: Conceptos básicos. A dor lumbar:

da anamnese ó diagnóstico. “A dor é o primeiro motivo de consulta de atención primaria -indica Calvo Mosquera- e é por iso que o incluímos nestas xornadas. É unha patoloxía que non se estuda na carreira pero que é fundamental”.

“A primeira causa de dor nas nosas consultas é a dor lumbar”, matiza este profesional, de aí a súa escolla. Neste obradoiro traballaron esta mañá con modelos para abordar practicamente os distintos tipos de dor lumbar. Establecéronse casos clínicos e eran os participantes os que tiñan que chegar a un diagnóstico, a través dos coñecementos e a anamnese, que é a análise dos datos básicos da Historia clínica do paciente e das preguntas realizadas na entrevista co mesmo. Este obradoiro continuará tamén mañá sábado.

#### **RESOLVER PROBLEMAS DO PACIENTE COS SEUS MEDICAMENTOS**

O terceiro dos obradoiros do venres foi o dedicado ó paciente polimedicado, considerado aquel que consume máis de seis medicamentos diferentes ó día. Desenvolven este taller as farmacéuticas do centro de saúde de Narón, María José Brage Rodríguez e Carmen Calvo Rivera, xunto co facultativo, Javier Rodríguez García.

En Galicia, desenvólvese na actualidade un programa que implica a busca activa daqueles pacientes que, inicialmente, consumían máis de quince medicamentos. Na actualidade, xa se está a traballar cos pacientes que consumen máis de doce medicamentos diarios. Con este programa, preténdese detectar e resolver problemas relacionados co uso de medicamentos, mellorar o cumprimento terapéutico dos pacientes crónicos polimedicados, e impulsar o coñecemento dos pacientes respecto do uso e indicacións dos medicamentos.

Este obradoiro, precisamente, desenvólvese a través do Programa de lanus formación, nas aulas de informática; e trabállase con tres casos de pacientes polimedicados con máis de doce medicamentos, e as propostas de cambio que se poden facer en cada un deles, interactuando o facultativo e o farmacéutico para incrementar a calidade da prescrición en beneficio do paciente. “Trátase de detectar problemas coa medicación e que o profesional médico o poida resolver”, indica Carmen Calvo, unha das farmacéuticas que desenvolve este obradoiro.

#### **COLABORACIÓN ANTE A ANSIEDADE**

Nos obradoiros dedicados á saúde mental, o proceso de ansiedade e a depresión foi un dos eixos; plantexáronse situacións de pacientes e, tamén, as recomendacións terapéuticas a seguir en cada caso. Falouse da importancia de ter uns criterios claros á hora de enfrontarse a estes pacientes, cunha estreita colaboración entre profesionais. Participaron o psiquiatra Andrés González García, do ambulatorio Fontenla Maristany de Ferrol; e o psiquiatra do Complexo Hospitalario, Antonio Núñez Pérez.

Núñez Pérez insistiu na necesidade de falar do proceso asistencial en base a un cambio de modelo de traballo entre o centro de saúde e o hospital, pasando dunha simple derivación de paciente a un modelo de cooperación, para que o paciente vexa realmente solucionado o seu problema independentemente de en que ámbito se produce”.

#### **CARDIOVASCULAR, EVITAR CHEGAR A UN INFARTO**

Isabel Díaz Pita, desenvolve en dúas partes, tamén hoxe e mañá, un obradoiro sobre cuestións cardiovasculares. Esta facultativa do centro de saúde Fontenla Maristany de Ferrol dividiu o traballo en tres partes, a atención dun paciente sen risco aparente, a cardiopatía isquémica estable, e a anticoagulación oral. Na primeira das partes, traballou coa “análise máis fonda dun aparente caso corrente; unha persoa cun perfil de colesterol, hipertensión ou diabete sen ningún dato destacable”; e avogou por ir contra a “inercia clínica” e afondar máis alá, e “valorar outros factores de risco ou a interacción dos mesmos”, e que pode levar a unha situación clínica futura máis complexa.

Na segunda parte, a través de dous casos clínicos, un paciente de máis idade e outro máis novo, os asistentes valoraron a cardiopatía isquémica estable, que se aborda no centro de saúde, e a importancia de controlala para evitar así posibles síndromes coronarios ou infartos. Por último, traballaron tamén en diferentes casos e aplicacións da anticoagulación oral.

#### **XENOGRAMA, “ÁRBORE XENEALÓXICA” SANITARIA**

A profesional Portal González Lorenzo, facultativo no consultorio de O Val, membro da Agamfec; e a responsable da rotación rural dos profesionais residentes durante o Programa formativo de Medicina Familiar e Comunitaria, participou xunto cos profesionais da Xerencia, Marcelino Fernández Castro; e Juan Pablo Arequipa Benavides; no desenvolvemento do taller dedicado ó xenograma.

“O programa formativo dos médicos de familia xa inclúe a práctica e realización de xenogramas”, indica Portal González. Un xenograma é o que se coñece como unha árbore xenealóxica, neste caso, é unha maneira de rexistrar antecedentes familiares dun paciente. “Dános información sobre antecedentes de enfermidade; do ciclo familiar; ou de aspectos de stres para a familia, entre outras moitas cousas”, explica esta facultativa. Estes xenogramas constrúense cun signos determinados; e o que fixeron neste obradoiro foi desenvolver a teoría do xenograma e para qué se emprega; puxéronse exemplos e interpretáronse; e, co uso dun programa informático, incluíronse casos prácticos.

Esta tarde, desenvolveranse as dúas Mesas Redondas: Obesidade, algo máis que dietas; e o Paciente crónico/pluripatóloxico en Atención Primaria; e, tamén, a conferencia inaugural estará dedicada á Innovación, e será impartida por Ángel Facio Villanueva, responsable

da Xerencia Integrada de Ferrol. Destaca o carácter práctico das Xornadas e a interacción entre especialidades e profesionais, para mellorar a atención ó paciente no seu centro de saúde.

O sábado continúan os obradoiros relacionados coas urxencias, a dor, a enfermidade cardiovascular e a saúde mental con novos grupos de traballo entre os asistentes a este encontro de profesionais de Medicina Familiar e Comunitaria de Galicia no Hospital Naval do Complexo Hospitalario de Ferrol.

Os talleres de atención á Urxencia, que trataban onte a parada cardiorrespiratoria, continúan hoxe nos locais do 061 no Hospital Naval, aprofundando na práctica e na adquisición de habilidades no manexo da vía aérea. Coordina este curso Fernando Souto Mata, facultativo do 061 de Galicia e membro da Agamfec, coa colaboración dun profesional do Hospital Montecelo, José Luis Martínez Melgar. "Supón un recordatorio e aprendizaxe dos dispositivos para dar soporte respiratorio a través dunha vía aérea. Nun paciente crítico a respiración dificultase, e hai que facer un "soporte de ventilación", unha respiración artificial para lograr de novo un boa entrada de ar por esa vía aérea (pulmóns, tráquea...).

#### DEDICACIÓN Á PEDIATRÍA

A colaboración entre profesionais de Medicina Familiar e Comunitaria e doutras especialidades durante estas Xornadas, que destacaba onte o Comité Organizador, reflíctese nos obradoiros que esta mañá abordaban cuestións pediátricas. Romina Vázquez Golpe, facultativa do centro de saúde de Caranza, e membro de Agamfec, resumiu as actividades desta mañá, a primeira hora, o pediatra do Complexo Hospitalario Universitario ferrolá, José Luaces González; o facultativo do PAC de Curtis, Francisco Martínez González; e Alba Corrales Santos, pediatra do centro de saúde de Pontedeume, traballaron en torno á Atención Inicial ó neno grave.

Neste senso, Romina Vázquez destaca a necesidade de "actualización constante do médico de familia que se pode enfrontar a unha urxencia pediátrica en calquera momento tanto nun Punto de Atención Continuada, como dende a súa consulta". "Manéxanse os supostos máis frecuentes dende o punto de vista extrahospitalario que poden acabar nunha parada cardiorrespiratoria; e en base á simulación con bonecos, nas aulas de simulación da Xerencia Integrada de Ferrol, no andar cuarto do Hospital Naval. Realizouse unha pequena exposición teórica; e, posteriormente, varios supostos clínicos practicando habilidades de intubación e reanimación cardiovascular.

A última hora desta mañá de sábado, Rosa Romaríz Barca, Adriana Torrado Chouciño, e Iria Carballeira González, profesionais de Pediatría do Hospital Arquitecto Marcide do Complexo Universitario ferrolá, xunto con Romina Vázquez, do centro de saúde de Caranza, traballaron coa Patoloxía pediátrica aguda e a súa orientación dende un Punto

de Atención Continuada. Plantexaron o obradoiro en catro partes cos diferentes motivos de consulta máis habituais: o manexo do neno con febre; o do neno con vómitos; a atención a situacións pediátricas máis urxentes como a convulsión febril, a anafilaxe e a dificultade respiratoria; e, tamén casos de exantemas ou erupción cutánea como manifestación de patoloxía maioritariamente infecciosa.